



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

Martes, 27 de xuño do 2023, ás 10:30 horas.

### Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros

### Asistentes

- **Presidenta:** D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
  - D<sup>a</sup> Ana María Vázquez Fernández, Técnica de Contratación
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
  - D. Oscar Bouzas Martínez, Interventor Accidental do Concello.

### **Técnicos asistentes:**

- D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior, para as licitacións 2023/CONTRAT/000072 e 2023/CONTRAT/000049
- **Asistentes ao acto público de valoración dos sobres nº 3 do contrato 2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lotes 1, 2 e 3**

Asiste a este acto, D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa "Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.", empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da Área de Contratación

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

### Orde do Día





1.- **2023/CONTRAT/000054-2: SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUIMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS (2023-2025)**

Acto <sup>(1)</sup> de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

<sup>(1)</sup> A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

2.- **2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lotes 1 e 3**

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Proposta de adxudicación, se procede.

**Fóra da orde do día**

Solicítase autorización para tratar dous asuntos fóra da Orde do Día, como son:

➤ **2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lote 2**

Na Mesa de Contratación reunida o día 23 de xuño do 2023, a Mesa comprobou que a oferta presentada por GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS para o Lote 2 estaría en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lle concedeu un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 27 de xuño do 2023, "GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS", con posterioridade á convocatoria desta Mesa de Contratación, presentou a documentación requirida. No mesmo día, e tamén previamente a celebración desta Mesa, D. Marcos Veiga Rodríguez e D. Iago Merino Vidal, emiten informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, en aras de garantir a celeridade e o impulso do procedemento administrativo, a Mesa considera convinte resolver este asunto canto antes para que non se dilate máis no tempo e para facelo coincidir co acto de valoración dos Lotes 1 e 3 que xa estaban incluídos na convocatoria desta Mesa.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda a súa urxencia e autoriza a tratar o seguinte asunto:





**2.2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lote 2**

Acto público de:

- Ditame sobre oferta incurso na situación de anormalmente baixa.
- Valoración, se procede, das ofertas presentadas nos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

➤ **2023/CONTRAT/000049: ADXUDICACIÓN DE INSTALACIÓNS DE TEMPADA E OS PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL, PARA AS TEMPADAS DE 2023 A 2026. LOTE 2.- PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DE BASTIAGUEIRO, DE MERA E DE SANTA CRISTINA**

A Mesa de Contratación celebrada o 23 de xuño do 2023 acordou suspender o acto de apertura dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa) á espera do transcurso das 24 horas que a Plataforma de Contratación concedeulle ás tres empresas que presentaron a súa oferta en estado de “pegada electrónica”, para que completasen a súa oferta.

Transcorrido este prazo, e en aras de garantir a celeridade e o impulso do procedemento administrativo, a Mesa considera convinte resolver este asunto canto antes para que non se dilate máis no tempo.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda a súa urxencia e autoriza a tratar o seguinte asunto:

**3. 2023/CONTRAT/000049: ADXUDICACIÓN DE INSTALACIÓNS DE TEMPADA E OS PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL, PARA AS TEMPADAS DE 2023 A 2026. LOTE 2.- PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DE BASTIAGUEIRO, DE MERA E DE SANTA CRISTINA**

Acto non público de:

- Ditame sobre ofertas presentadas en estado de “pegada electrónica”
- Apertura dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)





## 1.- 2023/CONTRAT/000054-2: SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUIMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS (2023-2025)

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023002419, de 10 de maio, apróbase o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do contrato mixto de subministración e servizos denominado “SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS 2023-2025”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de dous anos, é de 39.998,22 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.399,63 €), o que supón un importe de 48.397,85 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de maio do 2023. Tras terse declarado deserta a licitación por non terse presentado proposicións válidas, por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde en funcións nº 2023002991 de 9 de xuño, acordouse abrir novamente a fase de licitación para esta contratación co mesmo importe, memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares que o expediente aprobado por resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023002419 de 10 de maio.

Así, publicouse novamente anuncio no Perfil do Contratante do órgano de Contratación o día 12 de xuño do 2023.

Rematado o día 26 de xuño do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L.	B15009681	26-06-2023 11:57

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpren
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpren
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpren





	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpren
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpren
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpren
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpren
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpren
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpren
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpren
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpren
Solvencia técnica		DEUC	Cumpren
Solvencia económica		DEUC	Cumpren

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a única licitadora presentada a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L.
Oferta económica	Importe	34.000,00 € (41.140,00€ co IVE)
	Puntos	100,00/100,00
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		100,00 / 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L.	B15009681	100,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS 2023-2025” á SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS (SUGEMA), S.L. (B15009681) por un importe de 34.000,00 € (41.140,00€ co IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





## 2.- 2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lotes 1, 2 e 3

Na Mesa de Contratación reunida o día 23 de xuño do 2023, unha vez abertos os sobres nº 1 desta licitación, e por unanimidade dos asistentes, acordouse admitir a tódalas empresas presentadas aos tres lotes esta licitación.

Procedeu a Mesa entón, á comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas (sobres nº 3) acordando o seguinte:

- **Lotes 1 e 3:** Comprobouse que ningunha das ofertas económicas presentadas estaría en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se remiten a informe dos servizos técnicos para a súa valoración
- **Lote 2:** Compróbase que a oferta presentada por GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS estaría en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lle concedeu un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 27 de xuño do 2023, “GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica, a cal é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 27 de xuño do 2023, e previamente a celebración desta Mesa, D. Marcos Veiga Rodríguez e D. Iago Merino Vidal, emiten informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto.

Así, neste intre, en acto público ao que asiste D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa “Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.”, empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, considerase xustificada a oferta económica presentada pola licitadora para asegurar unha correcta execución dos traballos coa oferta presentada; e conclúese:

“.../...

*Logo de examinar esa xustificación, tendo en conta o respecto á normativa en vigor aludida polo licitador, de que as súas decisións empresariais en canto aos marxes que pretende obter do contrato é lexítima, o feito da redución de custes derivada do coñecemento do mercado e os datos estatísticos con que conta, entendo que a oferta presentada é viable e non se debe considerar coma oferta desproporcionalmente baixa, polo tanto debe segundo este informe considerarse unha oferta válida e en consecuencia valorarse de acordo cos criterios do prego regulador da licitación, para rematar formulando proposta de adxudicación do contrato a favor do licitador que na suma da valoración dos criterios obxectivos acade a maior puntuación, sendo en consecuencia a oferta máis vantaxosa para o Concello de Oleiros.”*

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos





asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a esta licitación á empresa GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A28007268) por considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre nº 3 dos tres lotes, resultando:

**LOTE 1. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE OLEIROS.**

Con data de 26 de xuño do 2020, D. Marcos Veiga Rodríguez e D. Iago Merino Vidal emiten informe de valoración das ofertas presentadas.

Así, do informe emitido polos servizos técnicos, o cal será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

	AXA	CASER	MAPFRE
1. OFERTA ECONÓMICA	70 puntos	62,58 puntos	54,78 puntos
2. AMPLIACIÓN DE LÍMITES Y SUBLÍMITES	5 puntos	8 puntos	8,25 puntos
3. REDUCCIÓN DE FRANQUICIAS	9 puntos	8 puntos	11 puntos
4. INCLUSIÓN RC LEY PROTECCIÓN DE DAÑOS CARÁCTER PERSONAL	4 puntos	4 puntos	4 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>88,00 PUNTOS</b>	<b>82,58 PUNTOS</b>	<b>78,03 PUNTOS</b>

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A60917978	<b>88,00 PUNTOS</b>
2	CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA. (CASER, S.A.)	33251153F	<b>82,58 PUNTOS</b>
3	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	A28141935	<b>78,03 PUNTOS</b>

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado "2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lote 1" á AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS por unha prima anual de 40.394,03 € (exenta de IVE), o que supón, para os dous anos de duración de contrato, unha cantidade de 80.788,06 €





(exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

### **LOTE 2. DANOS MATERIAIS SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLOS DE OLEIROS.**

Con data de 27 de xuño do 2020, D. Marcos Veiga Rodríguez e D. Iago Merino Vidal emiten informe de valoración das ofertas presentadas.

Así, do informe emitido polos servizos técnicos, o cal será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

	<b>GENERALI</b>	<b>MAPFRE</b>
1. OFERTA ECONÓMICA	70 puntos	0,10 puntos
2. REDUCCIÓN FRANQUICIAS	8 puntos	1 puntos
3. MOBILIARIO URBANO	10 puntos	0 putos
4. SERVICIO DE REPARADORES	10 puntos	0 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>98 PUNTOS</b>	<b>1,10 PUNTOS</b>

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

<b>POSIC.</b>	<b>EMPRESA</b>	<b>NIF</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A28007268	<b>98,00 PUNTOS</b>
<b>2</b>	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	A28141935	<b>1,10 PUNTOS</b>

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado "2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. **Lote 2**" á GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS por unha prima anual de 13.611,75 € (exenta de IVE), o que supón, para as dous anos de duración de contrato, unha cantidade de 27.223,50 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

### **LOTE 3. FLOTA DE VEHÍCULOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE OLEIROS.**







Con data de 26 de xuño do 2020, D. Marcos Veiga Rodríguez e D. Iago Merino Vidal emiten informe de valoración das ofertas presentadas.

Así, do informe emitido polos servizos técnicos, o cal será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

	AXA	HELVETIA	MAPFRE	MGS
1. Oferta económica	55,75 puntos	70 Puntos	32,67 puntos	62,55 puntos
2. Ampliación capital accidentes conductor	10 puntos	10 puntos	10 puntos	10 puntos
3. Robo e Incendio camiones	5 puntos	5 puntos	5 puntos	5 puntos
4. Lunas v. agrícolas e industriais	5 puntos	5 puntos	0 puntos	5 puntos
5. Cláusula de terceiros entre si	0 puntos	5 puntos	5 puntos	5 puntos
6. Cobertura de pedrisco	5 puntos	5 puntos	0 puntos	0 puntos
<b>TOTAL</b>	<b>80,75 PUNTOS</b>	<b>100 PUNTOS</b>	<b>52,67 PUNTOS</b>	<b>87,55 PUNTOS</b>

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	A41003864	100 PUNTOS
2	AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	A60917978	80,75 PUNTOS
3	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	A08171373	87,55 PUNTOS
4	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	A28141935	52,67 PUNTOS

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "2023/CONTRAT/000072: PLAN I DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS. Lote 3" á HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS por unha prima anual de 22.780,00 € (exenta de IVE), o que supón, para as dous anos de duración de contrato, unha cantidade de 45.560,00 € (exenta de IVE) ; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





**3. 2023/CONTRAT/000049: ADXUDICACIÓN DE INSTALACIÓNS DE TEMPADA E OS PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL, PARA AS TEMPADAS DE 2023 A 2026. LOTE 2.- PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DE BASTIAGUEIRO, DE MERA E DE SANTA CRISTINA**

A Mesa de Contratación do día 23 de xuño do 2023, procedeu á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”, resultando o seguinte:

a) A mesa acordou excluír á empresa ASPO, ASOCIACIÓN SURF Y PADDLE SURF DE OLEIROS (G70453857) dado que engadiu nun único sobre toda a información que debería de estar distribuída en tres sobres independentes (sobre nº 1 de documentación administrativa, sobre nº 2 de co proxecto de explotación e o sobre nº 3 coa oferta económica conforme ao anexo II do prego); polo que se alterou a obxectividade do procedemento aberto, vulnerando a separación das fases do mesmo.

b) A Mesa comprobou que as empresas que se citan de seguido presentaron as súas ofertas en estado de “pegada electrónica” e non se poden abrir.

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	LOTES
CLUB NALU (Pegada electrónica)	G67862391	22-06-2023 17:15	2
INVERSIONES SURFÍSTICAS DEL NORTE, S.L. (Pegada electrónica)	B42823476	21-06-2023 11:38	2
MY SURF COACH (Pegada electrónica)	G70569744	21-06-2023 12:39	2

Nestes casos o licitador obtén un xustificante de presentación da pegada electrónica (ou resumo correspondente á oferta) e dispoñerá dun prazo de 24 horas para remiti-la oferta completa.

Para realizar o envío completo da oferta, segundo a “Guía de Servicios de licitación electrónica para Empresas”, o licitador ten dúas alternativas: ou volver a intentar a remisión de xeito telemático ou descargar o ficheiro nun soporte electrónico e levalo a un rexistro físico autorizado ou remitilo por rexistro electrónico.

Ata o momento de celebración da Mesa, o día 23 de xuño, non constaba que os licitadores afectados completasen as ofertas presentadas en “pegada electrónica” por ningún deses medios. A maiores, unha das empresas -Club Nalu- aínda non lle transcorrera o prazo de 24 horas para completar a súa oferta.

En consecuencia, a Mesa de Contratación acordou suspender o acto de apertura dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa) á espera de poder comprobar se os tres licitadores que se encontran nesta situación completasen, no prazo concedido, a súa oferta.





c) A Mesa acordou admitir aos restantes licitadores a esta licitación.

Transcorrido amplamente o prazo de 24 horas concedido, procedería que a Mesa de Contratación comprobase se as empresas completaron a oferta presentada mediante “pegada electrónica” e procedese á apertura dos sobres nº 2 presentados polos licitadores admitidos.

Así, en acto non público, a Mesa comproba que ningunha das tres empresas completou a oferta presentada mediante “pegada electrónica”.

A Disposición adicional decimo sexta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; establece, no seu apartado h), o seguinte:

*“En los procedimientos de adjudicación de contratos, el envío por medios electrónicos de las ofertas podrá hacerse en dos fases, transmitiendo primero la huella electrónica de la oferta, con cuya recepción se considerará efectuada su presentación a todos los efectos, y después la oferta propiamente dicha en un plazo máximo de 24 horas. De no efectuarse esta segunda remisión en el plazo indicado, se considerará que la oferta ha sido retirada.*

...>...”

En consecuencia, a Mesa de Contratación, en vista do anteriormente referido, e por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Excluir da presente licitación as seguintes empresas por non presentar a oferta propiamente dita no prazo de 24 horas despois de ter transmitido a pegada electrónica da oferta; polo que se considera que a oferta foi retirada.

Nome da empresa	Nº Identificación
CLUB NALU	G67862391
INVERSIONES SURFÍSTICAS DEL NORTE, S.L.	B42823476
MY SURF COACH	G70569744

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación presentada polas empresas admitidas no sobre nº 2 cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo IV do PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no mencionado Anexo IV do PCAP, é dicir un plan de explotación.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

**SEGUNDO.-** Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 presentados polas empresas admitidas a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo IV do PCAP.





CONCELLO DE  
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**  
Contratación e Patrimonio

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

**En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.**

